

Redondela, 16 de maio do 2019.

Bos días,
vai achegándose final de curso, é tempo de facer memoria!

Como sabedes, presentamos unha vez máis o noso Proxecto de Biblioteca Escolar ao Plambe neste curso 2018-2019. O equipo de Biblioteca quería facervos partícipes dos cambios realizados e das actividades levadas a cabo, que xa forman parte da memoria entregada, a través dun cúmulo de imaxes. Aínda que a maioría das iniciativas apareceron xa no Facebook do *Ies Illa de San Simón* e no Instagram do Club de Lectura *A Illa dos Libros*, sempre deixamos algunha sorpresa agochada para o final. Esperamos que sexa do voso agrado recordar algún dos mellores momentos que o noso alumnado, claustro e comunidade educativa disfrutaron arredor da biblioteca “*O mar das palabras*”. Tamén queremos convidarvos a compartir as vosas propostas para favorecer o goce pola lectura e os libros entre a nosa xente, en calquera momento. E claro, como toda biblioteca que se precie, polo medio da memoria iredes vendo algunhas recomendacións de lecturas e libros...

Un saúdo, e moitas grazas!
Feliz Día das Letras Galegas...
Ana Cabanelas Pousa (coordinadora da BE)

a) Colocamos **dúas vitrinas de cristal** na entrada do instituto para a presentación de novidades da BE e do Club de Lectura. E traballos de lectura das distintas materias e celebracións.



b) **Creación do estudio de Radiond-Illa.** E posta en marcha do grupo de Radio Escolar a partir de reunións, participación na Lectura Radiofónica de *20000 leguas de viaxe submarina* en Radio Redondela e colaboración na Radio do CPI Santa Mariña... Tamén recibimos na BE charlas do Colexio Profesional de Xornalismo de Galicia. Por fin, o Día da Radio (13 de febreiro), emitimos o primeiro programa de Radiond-Illa, un especial sobre a Paz!



Lectura radiofónica de *20000 leguas de viaxe submarina*



Colaboración na Radio do CPI Santa Mariña



Reunións e gravacións en Radiond-Illa..



c) **Grafiteado integral da BE *O mar das palabras***, no que distintos personaxes literarios se pasean pola contorna da Illa de San Simón... e ata aquí podemos ler, non queremos romper a sorpresa definitiva!!



d) Habilitamos un **espacio versátil e modificable dentro da biblioteca**, coa axuda do alumnado, no que expoñer os traballos relacionados coas efemérides e visitas de autores/as dentro da BE.



e) **Pequena ludoteca matemática** con xogos elaborados polo alumnado ou aportados polo profesorado do **Club de Ciencias (sección Matemática-Illa)** para **Galimates**, nun espazo no edificio central do instituto, un **anexo da BE**, co obxecto de darlle continuidade no futuro e engadir diversidade temática nos xogos. Agregamos xogos de xadrez e participamos no **Torneo de Xadrez Intercentros de Redondela**, organizado polo IES Pedro Floriani.



f) Como puidestes ver no Facebook do IES Illa de San Simón, elaboramos os **carnés de MEIGA** de toda a comunidade e fixemos **cursos de formación de usuarios para coñecer a CDU** e a ubicación dos fondos da nosa biblioteca (“Xogando coa CDU”) O primeiro préstamo realizado en MEIGA foi un exemplar de *Os dous de sempre*, de Castelao. Levouno Jorge Domínguez, de 4º da Eso B, e deixamos inmortalizado o momento para a posteridade... Despois deste viñeron moitos máis. Deixámosvos aquí o enlace a Facebook porque foron moooitas aventuras!

https://www.facebook.com/pg/IES-Illa-de-San-Sim%C3%B3n-198660016939118/photos/?tab=album&album_id=1185735001564943&_xts=%5B0%5D=68.ARDOBbNimCFpmV9OsRZ6-Qf4PcMLRZ669N-HOnzQuIIVpicGEAYLKv-cb2pmE2ZXdnorXSLT3jDPa2t02bPihlQ9JlTeVixC3pTdW5VYbs7GqZP7dAeP5NGmsxRcZMtaLjSocwUgsWplUsh8hCzC2qDnFsyFBPGjm9cdVi8X6gArX414x94amll1xDBV8WzW9lYqwLInSa6YZ6G656OjsHylZeJpvTFBSuFgkG_mO29CZ4aPhOg7Lff8teqIanypgGOoCSIO9KDi9Luh6b0AgMiKziUBOsSPKahCLVPBU41BgFEONxVERjM0i4bMhuO-MWbYdD3OqnUallBj2S2NvmpJlW55SuMwIchvil5aBrYuamoeI8uHuy2K618iuNOI5viUBwaZYRod-kp9jLl23Eze07kt4-HsMpdVf35Sv2U0n2MbojMLyHZ5VTRHhDRDovhHPUGeiy72-clh&_tn=UC-R

https://www.facebook.com/pg/IES-Illa-de-San-Sim%C3%B3n-198660016939118/photos/?tab=album&album_id=1185735001564943&_xts=%5B0%5D=68.ARDOBbNimCFpmV9OsRZ6-Qf4PcMLRZ669N-HOnzQuIIVpicGEAYLKv-cb2pmE2ZXdnorXSLT3jDPa2t02bPihlQ9JlTeVixC3pTdW5VYbs7GqZP7dAeP5NGmsxRcZMtaLjSocwUgsWplUsh8hCzC2qDnFsyFBPGjm9cdVi8X6gArX414x94amll1xDBV8WzW9lYqwLInSa6YZ6G656OjsHylZeJpvTFBSuFgkG_mO29CZ4aPhOg7Lff8teqIanypgGOoCSIO9KDi9Luh6b0AgMiKziUBOsSPKahCLVPBU41BgFEONxVERjM0i4bMhuO-MWbYdD3OqnUallBj2S2NvmpJlW55SuMwIchvil5aBrYuamoeI8uHuy2K618iuNOI5viUBwaZYRod-kp9jLl23Eze07kt4-HsMpdVf35Sv2U0n2MbojMLyHZ5VTRHhDRDovhHPUGeiy72-clh&_tn=UC-R



g) Iniciamos con moito éxito un **programa de voluntariado na BE**, a cargo de alumnado que colabora nos recreos cos préstamos e devolucións e coas recomendacións lectoras, e mesmo coa catalogación dos novos exemplares. Chamámoslles **fareir@s** da Biblioteca **“O Mar das Palabras”**



h) O Club de Lectura tivo unha intensa actividade, chea de variedades e lecturas que puidestes seguir nas redes sociais a través de pequenos vídeos elaborados por profesorado e alumnado (Facebook do Ies Illa de San Simón e Instagram do Club de Lectura A Illa dos libros). Deixamos unha pequena mostra de recordo...

- Estudo de prantas, murais do Nautilus e o Saint Michele, e chegada de submarinos reciclados con *Jules Verne e as mulleres planta*, de Leticia Costas.



- Videoconferencia co autor de *La Torre*, KAOS.



- Visita de María Reimóndez con dúas novelas a favor da diversidade, *Corredora* e *Fóra do Normal*...



i) Organizamos actividades de fomento de lectura destinadas a compartir coas familias, nas que o alumnado levaba a casa paquetes sorpresa... Deixámosvos dúas que agardamos que disfrutaran!

- “Samaín literario: citas a cegas co terror ” (con pequenos textos clásicos e lendas do xénero)



Un número de rexistro, un regalo de Nadal! (paquetes con lecturas seleccionadas e envoltas polo alumnado nos que anotaban o número de rexistro. Despois misturámoslos e escollián ao azar. De regalo levaban no envoltorio un marcapáxinas) Con esta actividade batemos o récord de préstamos de lecturas para o Nadal dos últimos anos...



j) Adquirimos **novas adquisicións** para os fondos da biblioteca. Este curso que Bibliotecas Escolares adicou á poesía (**Poéticas Diversas**), priorizamos a chegada de libros de poesía e traballamos co alumnado os poemas. Prestamos especial atención ás **mulleres poetas de todos os tempos** (Alfonsina Storni, Wislawa Szymborska, Estíbaliz Espinosa, Ida Vitale, Ángela Figuera, Gloria Fuertes...) O Día do Libro celebramos a entrega do Premio Cervantes 2018 á poeta Ida Vitale, facendo traducións en distintas linguas dos seus poemas.

IDA VITALE

DÍA DEL LIBRO 2019

Premios:

- 2009, IX Premio Internacional Octavio Paz de Poesía y Ensayo
- 2014, premio internacional Alfonsina Storni
- 2015, XXIV premio reina sofía de poesía iberoamericana
- 2016 premio internacional de Poesía Federico García Lorca
- 2017 premio max 2016
- 2018 La fiesta internacional del Libro de Castellón, le otorga el Premio FIL de la Literatura en Lengua Romances.
- 2018 premio cervantes.





Obras:

- Jardines imaginarios (1996)
- De varia empresa (Caracas, 1998)
- Un invierno equivocado (México, 1999)
- La luz de esta memoria (Montevideo: La Galatea, 1999)
- Reducción del infinito, (Antología y nuevos poemas, Barcelona: Tusquets, 2002)
- Trema (Valencia: Editorial Pre-Textos, 2005)
- Con Sarah Pollock: *Reason enough* (Austin, 2007), antología traducida al inglés.
- Mella y criba (Valencia: Editorial Pre-Textos, 2010).
- Sobervía (Antología, Granada: Esdrújula Ediciones, 2016).
- Mínimos de aquazieve (Taller Ditoria, México, 2016)
- Poesía reunida. Compilación y edición de Aurelio Major. Barcelona: Tusquets. 2017. ISBN 978-84-9056-417-9.

MANAL B.

اليم الكتاب

TRADUCCIÓN: Día del libro

3^o ESO

Invierno

Como las gotas en el vidrio,
como las gotas de la lluvia
en una tarde somnolienta,
exactamente iguales,
superficiales,
ávidas todas,
breves,
se hieren y se funden,
tan, tan breves
que no podrían dar cabida al miedo,
que el espanto no debiera hacer huella
en nosotros.

Después, ya muertos, rodaremos,
redondos y olvidados.

Comentario:
En este poema se trata el tema de la Brevedad de la Vida y la llegada de La Muerte.
En el texto se dice que uno no debería temer a dicho suceso ya que la vida es más corta de lo que muchos pensamos y no se debería malgastar el tiempo en temerle a algo que tarde o temprano llegará.

Poesía reunida. Compilación y edición de Aurelio Major.



- Major. Poesía
- La luz de esta memoria (Montevideo, 1949)
- Palabra dada (Montevideo, 1953)
- Cada uno en su noche (Montevideo, 1960)
- Paso a paso (Montevideo, 1963)
- Olor andante (Montevideo, 1972)
- Fieles, (México, 1976 y 1782, antología)
- Jardín de sílice (Caracas, 1980)
- Elegías en otoño (México, 1982)
- Entresaca (México, 1984)
- Sueños de la constancia (México, ECE, 1988; reúne cinco libros anteriores y el nuevo que le da título).
- Procura de lo imposible, 1988.
- Serie del sinsonte, (Montevideo, 1992)
- Con Enrique Fierro. Paz por dos (1994)

A BIBLIOTECA "O MAR DAS PALABRAS" PRESENTA A...

VITALE

POESÍA REUNIDA

Mella y criba

CERVANTES 2018

FIL DE LITERATURA ROMANCES 2018

Ida Vitale celebra el «frenesí poético» de un Quijote cuerdo y terrenal



POÉTICAS DIVERSAS na biblioteca escolar

k) Preparamos actividades nas que implicamos a todo o centro educativo coa lectura como punto de unión. O “25 N, Día Internacional contra a violencia de xénero” levamos a cabo un recital literario con todo o instituto. Representantes de todas as aulas fixeron lecturas en voz alta de distintos textos reivindicativos e unha exposición de libros no chan que poñía NON. A pancarta foi cedida por unha familia da comunidade e pechou o acto o alumnado de 2º da Eso cunha actuación creada para participar no Pleno Infantil do Concello de Redondela. Como a biblioteca quedaba pequena para todo o público, decidimos ocupar o pabellón de deportes.



l) Publicamos **boletíns con recomendacións literarias e antoloxías de textos temáticas**. E elaboramos **coleccións de textos creativos elaborados polo alumnado**. Agora que remata o curso e xa circularon polo instituto invitámosvos a que os leades na nosa páxina web e nas redes sociais.



m) Para favorecer a **creación literaria** tamén colaboramos co profesorado de Lingua Galega para participar na VII Edición do Certame de Relato Curto da FANPA, da Deputación de Pontevedra. Conseguímos ter un representante entre os 20 finalistas de 1º ciclo de Secundaria: Pablo Gómez, de 1º da ESO A. Parabéns!!!





n) Colaboramos cos proxectos do centro.

- Surtimos ao **Grupo de Ciencias** recién formado no instituto de **libros informativos** axeitados para que o alumnado prepare as actividades e dun espacio para que desenvolvan as súas habilidades. Así, o grupo **Astronom-IIIa** pudo disfrutar da lectura e preparar as súas saídas nocturnas para o visionado de estrelas.



- Participamos en **Arte-Lixo** cun **Obradoiro de marcapáxinas** no que o alumnado do Ies Illa de San Simón e do CPI Santa Mariña elaboraron, coas revistas xa desfasadas e con restos de cartón, lá e envases, marcapáxinas personalizados. Tamén prepararon poemas a favor de **reciclaxe e ecoloxía** na sección de **ParnaLixo** coa que engalanaron todo o centro educativo. E finalmente **grafitearon versos e greguerías** no muro exterior do centro.



STREET

POEMS

REDONDELA!

o) Pechamos as **visitas de autores na biblioteca con Fran Alonso**, que amosou ao alumnado o poder dos versos, e a oportunidade de facer poesía sempre e en calquera lugar. Con ollos birollos, cun globo, a medias cun gato ou cun moucho... ou simplemente nos muros e rúas de Redondela.

